

3.5. Educación

O ÚLTIMO CURSO CARACTERIZOUSE EN GALICIA POLA PERDA DO NÚMERO DE ALUMNOS TANTO no conxunto de centros non universitarios de réxime xeral coma nas tres universidades galegas.

No último curso, 2004/2005, Galicia presentou, a diferenza do acontecido no conxunto de Estado, unha caída do número de alumnos e profesores nos centros de ensino non universitario. O gasto público por alumno en educación non universitaria medrou en Galicia no período 2000-2002 dende os 2,8 miles de euros do primeiro ano ata os 3,4 miles de euros de 2002. Comparado coa total estatal, cómpre salientar que a comunidade autónoma de Galicia sitúase nos tres anos considerados por riba do gasto medio.

No último ano, as universidades galegas, ao igual que o conxunto das universidades españolas presentan unha nova caída do seu número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo. Pola contra, o número de alumnos matriculados nos cursos de terceiro ciclo medrou en relación ao curso anterior.

Antes de analizar os datos do ensino non universitario de réxime xeral e o ensino universitario en Galicia, cómpre facer mención, dunha banda, á regulación do Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales (RD 295/2004, de 20 de febreiro, polo que se establecen determinadas cualificacións profesionais que se inclúen no CNCP, así coma os seus correspondentes módulos formativos que se incorporan ao Catálogo Modular de Formación Profesional). No ano 2004 aprobáronse as primeiras 97 cualificacións que se inclúen no devandito catálogo. Doutra, á nova ordenación xeral da formación profesional específica (RD 362/2004, de 5 de marzo), que revisa e actualiza os títulos agrupándoos en familias profesionais segundo o establecido no CNCP.

ENSINO DE RÉXIME XERAL

Os datos da *Estadística de la educación en España*, publicados polo Ministerio de Educación y Ciencia, reflicten que, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, nos centros de ensino de réxime xeral da comunidade autónoma de Galicia volven a descender o número de alumnos e o de profesores. No curso lectivo 2004/2005 o número de alumnos descendeu un 3,4% respecto ao curso 2002/2003, acadando os 381.226 alumnos, en tanto que o número de profesores, tras unha caída do 2,3%, foi de 35.846. Comparado co total estatal, o **cadro 3.5.2.** indica que a comunidade autónoma de Galicia acolle ao 8,0% dos centros de ensino, o 6,2% dos profesores e o 5,5% dos alumnos.

No último curso, a distribución do alumnado matriculado nos centros públicos de ensino xeral mantense por riba do setenta por cento (72,2%), sendo máis de catro puntos superior ao rexistrado no conxunto do Estado (67,8%).

Trala devandita caída do alumnado e profesorado, a ratio alumno/profesor foi de 10,6 alumnos en Galicia (10,8 alumnos no curso 2002/2003) fronte aos 12,0 alumnos por profesor no conxunto do Estado (12,3 no curso 2002/2003).

**Evolución do gasto público por alumno en educación
non universitaria 2000-02**

	2000	2001	2002 ⁽¹⁾
	(en miles de €)		
Andalucía	2,1	2,3	2,5
Aragón	2,7	2,9	3,2
Asturias	2,8	3,1	3,5
Baleares	2,5	2,8	3,1
Canarias	2,9	3,0	3,1
Cantabria	2,8	2,8	3,1
Castela e León	2,7	3,1	3,4
Castela-A Mancha	2,4	2,8	3,3
Cataluña	2,4	2,5	2,8
C. Valenciana	2,5	2,7	3,0
Extremadura	2,3	2,8	3,4
Galicia	2,8	3,0	3,4
Madrid	2,1	2,3	2,5
Murcia	2,3	2,5	2,7
Navarra	3,7	4,1	4,3
País Vasco	3,9	4,3	4,7
A Ríoxa	2,8	3,1	3,2
Total	2,7	2,9	3,2

(1) datos provisionais

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral 2004

CADRO 3.5.1. ►

CADRO 3.5.2. ▼

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. no curso 2004-05 ⁽¹⁾

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	3.792	2.933	859	104.380	83.988	20.392	1.403.200	1.068.209	334.991
Aragón	724	461	263	16.437	11.727	4.710	183.804	117.065	66.739
Asturias	457	350	107	12.889	10.169	2.720	129.032	90.026	39.006
Baleares	412	282	130	12.912	9.044	3.868	147.909	93.232	54.677
Canarias	1.048	883	165	26.247	21.886	4.361	327.035	255.944	71.091
Cantabria	302	216	86	7.225	5.364	1.861	77.414	50.465	26.949
Castela e León	1.284	956	328	33.558	25.323	8.235	353.596	238.437	115.159
Castela - A Mancha	1.021	862	159	27.957	24.171	3.786	316.538	259.422	57.116
Cataluña	3.963	2.578	1.385	86.660	54.528	32.132	1.061.718	640.674	421.044
C. Valenciana	2.094	1.479	615	62.975	46.943	16.032	715.560	488.310	227.250
Extremadura	668	567	101	16.232	13.917	2.315	188.034	150.349	37.685
Galicia	1.780	1.409	371	35.846	28.505	7.341	381.226	275.403	105.823
Madrid	2.546	1.369	1.177	74.756	46.498	28.258	936.958	517.166	419.792
Murcia	689	541	148	18.223	14.661	3.562	241.547	179.157	62.390
Navarra	367	299	68	8.318	5.848	2.470	90.213	58.788	31.425
País Vasco	968	629	339	29.783	17.866	11.917	310.578	151.227	159.351
Ríoxa	119	84	35	3.528	2.601	927	42.354	28.086	14.268
Ceuta	30	22	8	1.243	1.014	229	15.282	11.420	3.862
Melilla	28	21	7	1.201	1.055	146	15.179	12.656	2.523
Total	22.292	15.941	6.351	580.370	425.108	155.262	6.937.177	4.686.036	2.251.141
Galicia / España	8,0	8,8	5,8	6,2	6,7	4,7	5,5	5,9	4,7

(1) Ensinos de réxime xeral: Inclúe o alumnado en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Centros Ed. Primaria e E.S.O., Centros E.S.O. e/ou Bach. e/ou F.P., Centros Ed. Primaria, E.S.O. e Bach./F.P., Centros Específicos Ed. Especial, Centros Específicos Educación a distancia e Centros que imparten combinacións de ensinanzas de Réxime Xeral non consideradas noutros tipos de centros.

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

Centros docentes en funcionamiento no curso 2004-05: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Galicia			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. Infantil	1.352	1.075	277	555	446	109	167	145	22	147	119	28	483	365	118
Ed. primaria	978	784	194	381	310	71	144	124	20	126	104	22	327	246	81
Ed. Especial	75	21	54	26	8	18	3	2	1	8	3	5	38	8	30
ESO	519	340	179	192	132	60	77	59	18	61	39	22	189	110	79
Bacharelato - Rex. Ordinario	294	222	72	119	87	32	41	36	5	37	28	9	97	71	26
Bacharelato - Rex. Adultos	37	37	-	15	15	-	7	7	-	3	3	-	12	12	-
C.F.Gr.Medio - Rex. Ordinario	194	142	52	88	62	26	26	22	4	17	13	4	63	45	18
C.F.Gr.Medio - Rex. Adultos	33	33	-	11	11	-	7	7	-	1	1	-	14	14	-
C.F.Gr.Superior - Rex. Ordinario	181	135	46	69	51	18	32	27	5	18	15	3	62	42	20
C.F.Gr.Superior - Rex. Especial	28	28	-	9	9	-	4	4	-	1	1	-	14	14	-
Progr. Garantía Social	166	147	19	67	62	5	26	26	-	19	16	3	54	43	11
Bacharelato a distancia	1	1	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C.F. De F.P. A distancia	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	3.858	2.965	893	1.533	1.194	339	534	459	75	438	342	96	1.353	970	383

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

◀ CADRO 3.5.3.

CADRO 3.5.4. ►

Alumnado matriculado no curso 2004-05: distribución segundo ensino e tipo de centro

	Galicia			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	66.713	44.988	21.745	27.403	18.687	8.716	6.929	5.262	1.667	6.093	3.977	2.116	26.288	17.042	9.246
Ed. primaria	125.473	85.867	39.606	50.248	34.663	15.585	13.647	10.237	3.410	13.271	8.546	4.725	48.307	32.421	15.886
Ed. Especial	1.513	714	799	653	355	298	78	74	4	125	85	40	657	200	457
ESO	104.411	74.057	30.354	41.413	29.918	11.495	12.560	10.171	2.389	11.198	7.364	3.834	39.240	26.604	12.636
Bacharelato (1)	39.994	33.691	6.303	16.663	13.582	3.081	4.965	4.658	307	4.243	3.459	784	14.123	11.992	2.131
Bacharelato a distancia	2.736	2.736	-	2.736	2.736	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C.F. De F.P. - Grao Medio	18.120	14.814	3.306	7.975	6.846	1.129	2.166	2.007	159	1.461	1.099	362	6.518	4.862	1.656
C.F. De F.P. - Grao superior	19.634	16.359	3.275	8.576	7.293	1.283	2.258	2.162	96	1.478	1.347	131	7.322	5.557	1.765
Progr. Garantía Social	2.632	2.197	435	1.059	928	131	350	350	-	226	149	76	998	770	228
Total	381.226	275.403	105.823	156.726	115.008	41.718	42.953	34.921	8.032	38.094	26.026	12.068	143.453	99.448	44.005

(1) Inclúe o alumnado do Réxime Ordinario e do Réxime de Adultos
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

Profesorado no curso 2004-05: distribución segundo nivel de ensinanza que imparten

	Galicia			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. Infantil e Ed. Primaria	13.543	10.609	2.934	5.349	4.162	1.187	1.606	1.359	247	1.436	1.103	333	5.152	3.985	1.167
Ed. Secundaria e F.P.	18.569	15.407	3.162	7.592	6.366	1.226	2.544	2.286	258	2.005	1.636	369	6.428	5.119	1.309
Ambos grupos de niveis (1)	3.393	2.262	1.131	1.310	893	417	444	344	100	390	253	137	1.249	772	477
Ed. Especial (2)	341	227	114	167	116	51	38	38	-	24	24	-	112	49	63
Total	35.846	28.505	7.341	14.418	11.537	2.881	4.632	4.027	605	3.855	3.016	839	12.941	9.925	3.016

(1) Refírese ó profesorado que compatibiliza a ensinanza en Ed. Infantil / Ed. Primaria / Ed. Secundaria / Formación Profesional
(2) Refírese na nesa C.A. ó profesorado de centros específicos de Ed. Especial
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia. Estadísticas de la educación en España

◀ CADRO 3.5.5.

**Número de alumnos por unidade/grupo no curso 2004-05:
distribución segundo nivel e titularidade do centro**

	Galicia	España
Centros públicos		
Ed. Infantil -Primeiro Ciclo	-	13,89
Ed. Infantil -Segundo Ciclo	16,55	19,93
Ed. Primaria (1)	15,78	19,32
Ed. Especial (2)	4,64	5,45
ESO	21,11	23,71
Bacharelato (3)	22,79	24,04
C.F.G.M. (3)	18,16	18,51
C.F.G.S. (3)	20,45	18,93
Prog. Garantía Social	11,38	12,18
Centros privados		
Ed. Infantil -Primeiro Ciclo	-	14,97
Ed. Infantil -Segundo Ciclo	21,40	23,33
Ed. Primaria (1)	22,18	24,06
Ed. Especial (2)	6,19	6,44
ESO	25,19	26,60
Bacharelato (3)	21,37	24,02
C.F.G.M. (3)	16,51	19,27
C.F.G.S. (3)	15,27	17,81
Prog. Garantía Social	12,08	12,99
Total Centros		
Ed. Infantil -Primeiro Ciclo	-	14,49
Ed. Infantil -Segundo Ciclo	17,85	20,89
Ed. Primaria (1)	17,36	20,67
Ed. Especial (2)	5,35	5,89
ESO	22,15	24,61
Bacharelato (3)	22,53	24,03
C.F.G.M. (3)	17,83	18,71
C.F.G.S. (3)	19,28	18,65
Prog. Garantía Social	11,49	12,42

(1) Unidades con alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria. Tamén inclúe unidades de Ed. Primaria con alumnado de Primeiro Ciclo de E.S.O.

(2) Inclúe as unidades de centros específicos e as aulas de Educación Especial en centros ordinarios.

(3) Réxime Ordinario

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

CADRO 3.5.6. ►

Atendendo á titularidade dos centros, esta diferenza explícase fundamentalmente pola situación dos centros públicos, onde hai en Galicia un total de 9,7 alumnos por profesor fronte aos 11,0 alumnos de media en España. Nos centros privados, hai un total de 14,4 alumnos por profesor en Galicia e 14,5 alumnos no conxunto do Estado.

No que atinxe aos diferentes niveles educativos, **cadro 3.5.4.**, cómpre salientar o incremento do número de alumnos nos centros de educación infantil, que acadan os 66.713 alumnos no curso 2004/2005 (o 67,4% en centros públicos). O incremento dun 5,5% ven explicado, en parte, pola extensión da oferta de escolarización para os nenos menores de dous anos (primeiro ciclo) e os de tres aínda non escolarizados. Dos 3.477 alumnos novos no último curso, 2.534 alumnos asisten a centros públicos e 943 a centros privados.

Nas etapas de escolarización obrigatoria (educación primaria e ESO), o alumnado descendeu, por mor do descenso da natalidade, en 13.392 persoas, para situarse nos 229.884 alumnos (o 69,6% asiste a centros públicos). En termos relativos, a caída do número de alumnos foi do 5,5%, sendo esta porcentaxe do 6,2% no caso dos alumnos que asisten a centros públicos (10.535 alumnos menos) e do 3,9% (2.857 alumnos) no caso dos centros privados.

O número de alumnos descende tamén nos niveis non obrigatorios de bacharelato e nos ciclos formativos de Formación Profesional. No primeiro caso, o descenso foi de 3.448 alumnos (cómpre salientar que no caso do bacharelato

Taxa bruta⁽¹⁾ de escolaridade no curso 2004-05: distribución segundo nivel de ensino

	Galicia	España
	(%)	
Primerio Ciclo. Ed. Infantil (0 - 2 anos) (2)	12,6	14,8
Segundo Ciclo. Ed. Infantil (3-5 anos) (2)	99,1	98,0
Ed. Primaria (6-11 anos)	104,0	103,4
E.S.O. (12-15 anos)	109,8	107,9
Bacharelato e F.P. Postobrigatoria (16-17anos)(3)	115,0	98,3
F.P. Grao Superior (18-19 anos)(4)	33,6	23,4

(1) Para o cálculo das taxas usáronse as Proxeccións de Poboación Base Censo 2001 do I.N.E. Nas taxas brutas poden obterse valores superiores ó 100% debido á existencia de alumnado de idades non contempladas no grupo de idade "teórica".

(2) Taxa neta para o grupo de idade referido

(3) Inclúe as ensinanzas de Bacharelato, Ciclos Formativos de F.P. Grao Medio e Programas de Garantía social. Non inclúe o réxime de Educación a distancia.

(4) Inclúe Ciclos Formativos de F.P. Grao Superior. Non inclúe o réxime de Educación a distancia.

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

◀ CADRO 3.5.7.

▼ CADRO 3.5.8.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2003-04 e 2004-05: primeiro e segundo ciclos ⁽¹⁾

	Curso 2003-04			Curso 2004-05			04-05/03-04
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	25.929	12.510	13.419	23.249	11.295	11.954	-10,3
Santiago	33.072	11.771	21.301	31.144	10.983	20.161	-5,8
Vigo	26.095	12.000	14.095	24.681	11.376	13.305	-5,4
Total	85.096	36.281	48.815	79.074	33.654	45.420	-7,1

(1) incluídos os alumnos dos centros adscritos

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

a distancia o número de alumnos medrou en 1.249 persoas) e no de FP, de 984 alumnos (595 alumnos menos no ciclos de grado medio e 389 alumnos nos de grado superior).

EDUCACIÓN UNIVERSITARIA

As universidades galegas consideradas no seu conxunto presentan, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha nova redución do seu alumnado. Esta caída concéntrase nos estudos de ciclo largo, mentres que continúa o ascenso do alumnado de terceiro ciclo.

O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 3.5.8.**, descendeu en Galicia un 7,1% (6.022 alumnos), acadando os 79.074 alumnos no curso 2004-2005. A Universidade de Santiago de Compostela é a que presenta o maior número de alumnos, con 31.144 persoas, o 39,4% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo, 24.681 alumnos (31,2%), e a de A Coruña, con 23.249 alumnos (29,4%).

A diferenza do acontecido no curso anterior, esta caída rexistrouse nas tres universidades galegas, sendo a de A Coruña a que experimenta o maior descenso tanto en termos relativos, cun 10,3%, como en termos absolutos, con 2.680 alumnos menos. O alumnado descendeu na Universidade de Santiago en 1.928 alumnos (un 5,8%) e en 1.414 alumnos na Universidade de Vigo (5,4%).

En relación ao curso lectivo anterior, no curso 2004/2005 permanece constante no 57,4% a porcentaxe de mulleres que estudia nas universidades galegas.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2003-04 e 2004-05: distribución segundo ramas de ensino

	curso 2003-04					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	241.931	23.541	21.753	119.633	55.977	21.027
Aragón	35.471	2.428	2.518	15.188	11.281	4.056
Asturias	33.419	2.472	3.300	14.305	11.641	1.701
Baleares	12.138	1.235	952	7.944	1.473	534
Canarias	46.665	4.782	2.458	22.385	12.927	4.113
Cantabria	12.237	557	501	5.286	5.070	823
Castela-A Mancha	29.035	2.873	1.093	14.536	8.146	2.387
Castela e León	90.157	8.241	5.025	37.627	30.634	8.630
Cataluña	221.376	22.552	14.739	104.475	61.813	17.797
C. Valenciana	141.349	13.594	11.052	59.363	45.580	11.760
Extremadura	25.652	1.939	2.135	10.907	7.259	3.412
Galicia	85.096	6.386	6.899	40.665	23.389	7.757
Madrid	244.884	19.684	22.390	114.029	66.326	22.455
Murcia	39.399	3.099	3.565	20.143	8.343	4.249
Navarra	17.528	494	1.269	6.589	6.417	2.759
País Vasco	65.289	5.608	4.192	31.157	20.895	3.437
A Ríoxa	6.825	1.056	493	3.278	1.746	252
UNED	133.591	14.815	6.133	91.440	21.203	-
Total	1.482.042	135.356	110.467	718.950	400.120	117.149

	curso 2004-05					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	235.121	22.260	20.256	116.736	54.653	21.216
Aragón	34.009	2.306	2.284	14.542	10.801	4.076
Asturias	31.619	2.209	3.110	13.250	11.340	1.710
Baleares	12.431	1.179	926	8.194	1.532	600
Canarias	46.274	4.624	2.225	22.366	12.908	4.151
Cantabria	11.260	518	354	4.842	4.729	817
Castela-A Mancha	28.292	2.904	1.051	14.208	7.745	2.384
Castela e León	88.884	8.693	6.244	36.883	29.048	8.016
Cataluña	188.159	19.271	16.431	83.986	49.986	18.485
Extremadura	24.861	1.714	1.847	10.953	7.089	3.258
Galicia	79.074	5.869	6.292	37.385	21.772	7.756
A Ríoxa	6.756	1.194	439	3.199	1.674	250
Madrid	238.590	18.149	19.414	112.913	66.027	22.087
Murcia	38.732	2.876	3.392	20.029	8.321	4.114
Navarra	16.810	408	1.111	6.458	6.245	2.588
País Vasco	62.596	5.268	3.732	29.485	20.672	3.439
C. Valenciana	139.792	13.063	10.781	59.331	44.722	11.895
Oberta de Cataluña	33.307	3.197	-	23.402	6.708	-
UNED	146.330	18.401	5.970	101.910	20.049	-
Total	1.462.897	134.103	105.859	720.072	386.021	116.842

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

CADRO 3.5.9. ▲

Como reflicte o **cadro 3.5.9.**, case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas (47,3%), un 27,5% estudia carreras técnicas e aproximadamente un 10% optou por ciencias da saúde (9,8%). No último ano, a presenza de alumnos estranxeiros segue sendo reducida, acadando o 1,1% do total de alumnos matriculados (836 persoas) fronte ao 1,5% da media española.

Atendendo á desagregación segundo universidades, cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan o 64,7% dos alumnos matriculados, fronte 53,9% de Vigo ou os 51,4% de A Coruña.

En relación aos cursos de terceiro ciclo, o **cadro 3.5.10.** reflicte que no ano lectivo de 2004/2005, o número total de alumnos inscritos ascendeu ata os 3.723 alumnos, dos que o máis da metade (54,1%) son mulleres. Comparado co curso

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2003-04 e 2004-05:
terceiro ciclo ⁽¹⁾**

	Curso 2003-04			Curso 2004-05			04-05/03-04
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	843	439	404	786	402	384	-6,8
Santiago	1.547	694	853	1.613	703	910	4,3
Vigo	1.154	515	639	1.324	602	722	14,7
Total	3.544	1.648	1.896	3.723	1.707	2.016	5,1

(1) incluídos os alumnos dos centros adscritos
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

anterior, o número de alumnos medrou un 5,1% (179 alumnos máis), sendo esta medra do 6,3% no caso das mulleres (120 persoas) e do 3,6% no caso dos homes (59 alumnos).

▲ CADRO 3.5.10.

A Universidade de Santiago de Compostela foi a que acolheu o maior número de alumnos inscritos nestes cursos, con 1.613 persoas, acollendo a Universidade de Vigo un total de 1.324 persoas, e a de A Coruña, 786 doutorandos. En relación co ano lectivo anterior, a Universidade de Vigo foi a que presentou o maior incremento, cun 14,7% (170 persoas máis), seguida pola de Santiago de Compostela, co 4,3% (66 persoas). Pola contra, a Universidade de A Coruña veu como o número de doutorandos descendeu un 6,8% (57 alumnos menos), producíndose esta caída tanto no caso dos homes coma no das mulleres. ■